



## Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto apoia 'todas as accións' promovidas polo feminismo para 25N

---

DIARIO LIBERDADE :: 25/11/2014

[Gal/Cast] La Plataforma Galega por el Derecho al Aborto seguirá con la misma intensidad que hasta este momento en esta lucha

### Castellano

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, co gallo da celebración do Día contra a Violencia de Xénero, quere manifestar públicamente o seu apoio a todas e cada unha das accións promovidas polas organización e entidades feministas para conmemorar esta data tan relevante na defensa dos dereitos e liberdades das mulleres.

Así mesmo, a Plataforma quere destacar o esforzo e traballo desenvolvido polo movemento feminista galego na loita contra a violencia de xénero nestes momentos nos que, ademais, os dereitos e liberdades das mulleres no seu conxunto están sendo atacados, vulnerados e cercenados por un Partido Popular tremendamente machista e retrógrado.

De feito, xa tivemos ocasión de constatar a súa ideoloxía ultraconservadora coa pretendida contrarreforma da Lei do Aborto que finalmente as mulleres logramos parar - e mesmo fixemos historia conseguindo a dimisión do ministro Gallardón-, e na actualidade seguimos en alerta porque a Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE de 2010 está recorrida polo PP e pendente de resolución no Tribunal Constitucional e, a maiores, o Goberno do Estado xa anunciou que vai deixar ás mozas de 16 e 17 anos fóra desta norma que garante o dereito ao aborto cunha modificación da Lei que pretende aprobar antes de que remate este ano.

Polo tanto, a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto seguirá coa mesma intensidade que ata o de agora nesta loita e respaldará todas aquelas reivindicacións que teñan como obxectivo a defensa dos dereitos e liberdades das mulleres, como é o caso do 25 de novembro, unha data especialmente importante polo que se reivindica.

### Castellano

La Plataforma Galega por el Derecho al Aborto, con motivo de la celebración del Día contra la Violencia de Género, quiere manifestar públicamente su apoyo a todas y cada una de las acciones promovidas por las organizaciones y entidades feministas para conmemorar esta fecha tan relevante en la defensa de los derechos y libertades de las mujeres.

Así mismo, la Plataforma quiere destacar el esfuerzo y trabajo desarrollado por el movimiento feminista galego en la lucha contra la violencia de género en estos momentos en los que, además, los derechos y libertades de las mujeres en su conjunto están siendo atacados, vulnerados y cercenados por un Partido Popular tremendamente machista y retrógrado.

De hecho, ya tuvimos ocasión de constatar su ideología ultraconservadora con la pretendida contrarreforma de la Ley del Aborto que finalmente las mujeres logramos parar - e incluso hicimos historia consiguiendo la dimisión del ministro Gallardón-, y en la actualidad seguimos en alerta porque la Ley de Salud Sexual y Reproductiva y de la IVE de 2010 está recurrida por el PP y pendiente de resolución en el Tribunal Constitucional y, además, el Gobierno del Estado ya anunció que dejará a las chicas de 16 y 17 años fuera de esta norma que garantiza el derecho al aborto con una modificación de la Ley que pretende aprobar antes de que finalice este año.

Por lo tanto, la Plataforma Galega por el Derecho al Aborto seguirá con la misma intensidad que hasta este momento en esta lucha y respaldará todas aquellas reivindicaciones que tengan como objetivo la defensa de los derechos y libertades de las mujeres, como es el caso del 25 de noviembre, una fecha especialmente importante por lo que se reivindica.

---

<https://galiza.lahaine.org/plataforma-galega-polo-direito-ao>